

NOME DA ACTIVIDADE (Ficha profesorado)

- **Noticias novas**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **MÁIS DE 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Textos xornalísticos.
- Compresión e expresión escrita.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado desenvolva obxectivos e estratexias de expresión oral.
- Que o alumnado active coñecementos socioculturais e interculturais.
- Que o alumnado coñeza os xornais en galego, tanto en formato papel como en rede.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- É moi interesante que as noticias recollidas sexan actuais, por iso indicamos no final da ficha para a creación de noticias sitios en rede de xornais dixitais en galego onde se poden recoller as noticias sen dificultade.
- Primeiro repartiremos as diferentes noticias para cada grupo; na segunda parte escolleremos dúas das que xa temos para analizar o estilo, preferiblemente un artigo de opinión e unha noticia sobre deporte.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Divídese a clase en 3 ou 4 grupos e cada un “especialízase” nun **tema**: cultura, sociedade, sucesos, deporte, artigos de opinión... Ofrécense diferentes novas de cada sección.

Cada grupo analiza e reflexiona sobre as noticias escollidas, analizando máis polo miúdo os diferentes **temas** (concretamente de que se está a falar ou informar, o eixe central do texto e se é desde un punto de vista **obxectivo** ou se se trata de **opinións persoais**) de cada noticia; despois faise unha posta en común para sinalar diferenzas temáticas...

Ademais, a cada grupo, unha vez realizada esta primeira parte, ofreceráselle o *artigo de opinión*, e a *nova relacionada co deporte*, a que xa temos para a primeira parte do exercicio e neste caso analizarán: o **estilo**, a **voz do narrador**, se é **máis** ou **menos obxectivo**, e se hai **expresións** que nos indiquen isto mesmo...

Despois dámoslles unhas fichas para que elaboren novas deixándolles escoller o formato que queiran sempre que sexa coherente.

MATERIAIS PARA A FICHA

FICHAS PARA A CREACIÓN DE NOTICIAS

Profesora ausente.
Cita importante.
Viaxe urxente.
Asunto persoal.
Herdanza.

Acontecemento curioso
Can abandonado salva unha persoa.
Os familiares adoptan ao can

Escándalo.
Alumno agride un profesor.
Vinganza por unhas malas notas.
Pídese intervención inmediata

Nova película de produción española.
Grande éxito.
Expectación en todo o mundo
Tema e protagonistas inéditos

Futuro
O microcrédito, un pulo ao 3º mundo
Alternativa interesante
Nóbel

Derrota
David contra Goliat
O Bernabeu
Panos brancos

DEPORTES

A selección galega xa é unha realidade no mundo dos videoxogos. Por que o noso combinado ía ser menos que as grandes seleccións como Brasil, Francia, Italia, Arxentina ou Portugal? Pois iso foi o que pensamos en Vieiros/GZ-Deportiva á hora de desenvolver o primeiro "parche galego" para o mellor simulador de fútbol, o Pro Evolution Soccer. Desde hoxe, os afeccionados que teñan instalado este videoxogo no seu PC poderán galeguizalo e gozar así da paixón polo noso fútbol. O estadio de Riazor, as pancartas dos seareiros galegos, a camisola oficial, a convocatoria de Vázquez e Arsenio... todo vai incluído no parche. Como guinda, a opción de xogar cunha selección galega clásica cos nosos mellores futbolistas da historia, elixidos durante a última semana polos lectores de Vieiros. Tanto se pensas instalar o parche como se non, non deixes de visualizar os vídeos da primeira selección galega virtual.

OPINIÓN

Un artigo de: Xavier Queipo

A lingua do paraíso

Hai quen di que a patria é a infancia e outros mesmo afirman, con convicción, que a patria é a lingua. Eu digo que se cadra as dúas cousas son certas. Explícome.

Desde ben pequeno lembro que cada verán, logo de invernos infinitos, de física e escuridade, de temporal e matemáticas, de chuvia mol e ciencias naturais, de sarabia e química, embarcábase nun autobús con rumbo á praia. Un autobús que me parecía enorme, cheo de xente, de tías e curmáns en primeiro e segundo grao, de tías avoas e de amigos, de irmáns e pai e nai, por descontado, cargado ata o teito de mobles e colchóns, de cadeiras e aparadores, de parasoles e caldeiros, de ilusións renovadas e abafos pola calor. En chegando á vila, aos nenos deixábase ir á praia para que non andásemos enredando no medio dos maiores, para que eles tivesen oportunidade de descargar os vultos e colocar todo no seu sitio antes da sagrada hora da cea.

Xa na praia, saltábase e batuxábase ata a extenuación, e aprendíase das tías avoas o nome das cousas nunha lingua estraña. As olas eran ondas e as algas

argazos, os peixes tiñan todos nome de seu: un ancorado no fondo e cheo de pinchos era un escarpón, e aqueloutro esquivo, nadando nunha fochanca era un lorcho, aquela que bulía por entre as pedras lambidas pola marea era, con seguridade, unha anguía, e aquel que, no verán pasado, fixera chorar de dor ao pai non era outra cousa que un fodón; aquela posta era dunha raia, dunha quenlla ou dunha quimera monstruosa; a mancha azul, como de xelatina arrastrada deica a area, era un augamar ou unha medusa; o que alá voaba era unha gaivota, e máis alá un mascato, e aquilo que xurdía do medio da auga unha rocha inzada de arneiros, e máis alá flutuaban madeiras chegadas dun naufraxio; e iso que emporcaba os nosos pés era piche ou chapapote. Nadabamos e corricabamos pola malleira, que non é senón a liña de xunción de auga e area, deitabámonos ao sol ou facíamos castelos, e barreiras, e foxos, para que as augas respectaran a nosa obra de enxeñería medieval. Chegaba a hora da merenda e entón pan con chocolate e limoada ben doce conservada nun termo ancestral, tratado con mimo, coma se fose ouro.

Na noite, logo da cea e mentres uns recollían a mesa e fregaban pratos e cubertos, ao luar sempre renovado en formas e reflexos, as nosas tías avoas contábannos historias de príncipes aurigas e doncelas raptadas nun castelo, de animais que falaban e xenios que vivían nunha lámpada, de mazás pezoñentas e casiñas de chocolate, de homes grandes coma mundos e outros pequenos coma insectos en ámbar.

Logo de días innúmeros, coa pel torrada polo sol e as pernas cheas de rabuñaduras, de cando iamos ás moras ou cando facíamos excursións polo bosque na procura de piñóns e de escaravellos de ouro, chegaba un novo outono que sabía a inverno, caían as follas das árbores e do calendario, e os mestres falaban de cousas incomprensíbeis nunha lingua onde non había xenios nin lámpadas maravilosas, príncipes louríños nin animais que falasen, sen praia e sen argazos, sen croques nin ourizos, sen castelos de area nin casiñas de chocolate.

Así, devagar, ano tras ano, aprendemos a lingua do frío e a lingua do verán, a lingua dos deberes e a lingua dos xogos e as vacacións, a lingua da chuvia e a lingua do sol. Sen darnos de conta, xa non eramos nenos e a vida foinos afastando a todos, remataron as vacacións no autobús e os contos de fadas logo de cear.

Un día entramos na vida en serio e daquela todos falaban a lingua do frío e da chuvia, todos a lingua da física e a relixión, a lingua dos negocios e da matemática, a da sarabia e da escuridade estatística. Daquela, soubemos que, dalgún xeito, sen saber ben como, nun tránsito insensíbel e paseniño, fomos perdendo a lingua que falabamos na infancia, nas vacacións, nas xeiras felices e

distintas, aquela lingua querida, a lingua na que falaban as tía avoas: a lingua do paraíso.

CULTURA

Chegan os sextos premios Maketón

[20/12/2006 16:21] Vinte grupos e artistas e cinco produtores son os finalistas dos sextos premios da música Maketón Estrella Galicia, que se entregarán o sábado nunha gala que vai ter lugar na [Fábrica de Chocolate](#), en Vigo. Máis de 2.000 votos recollidos na web de [Maketón](#) entre o 13 de novembro e o 15 de decembro serviron para elaborar a lista definitiva de nomeados. Na categoría de mellor directo están Álvaro Costas & Hot Band, [The Blows](#), Pacífico, [Kogito](#) e Cornelius.

Aspiran a levar o premio a mellor produtor Iván Vivas, de [Mix Plus](#); Anxo Bautista, de A-Beat; José Gutiérrez, de Soundworks; Gonso Pedrido, de [Gonsound](#), e Javier Abreu, de Océano estudios. Optan ao mellor disco local [Aphonic](#), por Foolproof; [Fon Román](#), por Silencio cómodo en un jardín descuidado; [Catpeople](#), por Reel number one; [Ectoplasma](#), por Amor por lo paranormal, e Mon, por Aprendiéndonos.

Aspiran a recibir o galardón á traxectoria musical local [Juan Rivas](#), Eladio Santos, [Carlos Núñez](#), [Iván Ferreiro](#) e o grupo Avalón. Por último, están nomeados ao Maketón Estrella Galicia á mellor maqueta local [Solemne](#), por El golpe; [The Blows](#), por 5 A.M.; Portrait, por Self; Austria, por Transitoria, e [As flames die out](#), por Keys and wings. A gala de entrega de premios comezará ás dez e media da noite, e incluírá a actuación dos grupos [Elodio y los seres queridos](#) e [Heissel](#).

SOCIEDADE

Mañá ás 9 da mañá comeza o sorteo especial de lotería de Nadal. Este ano os nenos de San Ildefonso, cun bombo novo, repartirán 2.142.000.000 euros en 13.334 premios.

Para os que non queiran perder ningún detalle do sorteo, La Voz de Galicia ofrecerá na súa portada todos os grandes premios a medida que saian do bombo. Ademais, terán á súa disposición de forma case inmediata información sobre quen

son os favoritos da fortuna, a que se dedican e cales son as circunstancias e anécdotas do sorteo. Xunto á información escrita, os internautas poderán gozar de álbums de fotos e vídeos dunha xornada na que o azar é protagonista.

Un recente informe afirma que máis do 70% dos españois seguirían traballando a pesar de recibir o premio. Para testar as opinións dos galegos nas horas previas ao sorteo La Voz de Galicia abriu un debate no que poden participar os internautas indicando se deixarían de traballar tras gañar o Gordo.

SUCESOS

S. R. recoñeceu onte no Xulgado do Penal da capital ourensá ser o autor das agresións sufridas polo seu veciño. O imputado recoñeceu ante a maxistrada que as pésimas relacións que mantiña con J. N., que do mesmo xeito que el reside na localidade de San Cristovo, pertencente ao municipio de Monterrei, foron as que propiciaron os incidentes que ocorreron e polos que foi condenado agora.

Eses incidentes comezarían en agosto do 2004 cando o acusado se atopou pola rúa co veciño. Debido a que o can daquel se achegou ao imputado, este ameazouno dicíndolle «vouche matar». Apenas uns días máis tarde os dous volverían atoparse na rúa aínda que, esta vez, J. S. colleu un coitelo e cravoullo ao outro no brazo, golpeándolle ademais na cabeza. Máis tarde o agresor gabaríase das súas intencións diante doutros veciños. Agora, polos seus actos, terá que cumprir tres anos de prisión.